

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS PROGRAMADO POR MOR DO ENTROIDO 2017 NO CONCELLO DE PONTEDEUME

- 1.- O Concurso de disfraces de adultos terá lugar na Praza Real do Concello de Ponte deume ás 01:00 horas da madrugada do Domingo 26 de Febreiro de 2017.
 - 2.- Para poder participar e optar aos premios, cubrirase (en todos os seus apartados) a solicitude de inscrición, e presentarse no Departamento de Cultura, sito na Avda. do Peirao – Baixo s/n (Edificio de Xulgados), antes do Venres 24 de Febreiro ás 13 horas, tamén poderanse inscribir no lugar do concurso dende as 23:30 horas do Sábado 25 de Febreiro ata as 00:30 do Domingo.
 - 3.- Poderán participar todos/as persoas maiores de dezaseis anos (cumpridos).
 - 4.- Os participantes terán que subir o palco para que o xurado poida puntuar o disfraz.
 - 5.- No apartado de premios, serán dúas categorías: Individual e Grupo. Haberá tres premios por categoría, podendo os participantes optar a varios premios dentro da súa categoría. Os premios serán:
 - Categoría Individual. Premio á dificultade de elaboración. 150 €
 - Categoría Individual. Premio á orixinalidade e enxeño. 150 €
 - Categoría Individual. Premio á vistosidade. 150 €
 - Categoría Grupo. Premio á dificultade de elaboración. 200 €
 - Categoría Grupo. Premio á orixinalidade e enxeño. 200 €
 - Categoría Grupo. Premio á vistosidade. 200 €
- Para a recollida do premio os gañadores deberán entregar fotocopia do DNI.
- 6.- Na categoría individual poderán participar unha, dúas ou tres persoas como grupo individual. Na categoría de grupo, o grupo estará formado como mínimo por catro persoas.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 7.- A inscrición implica coñecer e aceptar as bases do Concurso.
- 8.- A orde de participación será por rigurosa orde de inscrición.
- 10.- Os premios poderán quedar desertos se o xurado o estima oportuno.
- 11.- Calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso, o xurado terá potestade para resolvela.
- 12.- O incumprimento dalgunha destas bases implica a descalificación e baixa no Concurso.

